

MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

Mesa Delegada da Seguridade Social

04/06/2024

A ADMÓN. NEGA O 2º DÍA DE TRABALLO A DISTANCIA INCLUSO ONDE DI QUE FUNCIONA BEN

Onte asistimos á reunión da Mesa Delegada, convocada non sabemos se como ordinaria ou extraordinaria, con 12 puntos na orde do día e que se interrompía a media mañá, tratando o punto do traballo non presencial.

SEGUIMIENTO DO ACORDO DO 16 DE MAIO DO 2023

A reunión empezou facendo a Administración un seguimento do acordo asinado o 16/05/2023 nesta Mesa, cun obxectivos xerais de; predispor as actuais estruturas organizativas da Seguridade Social para que poidan integrarse e estar operativas no momento de creación da Axencia; tamén recollía o compromiso da Administración para mellorar as condicións xerais de traballo do seu persoal e unha mellora do servizo á cidadanía.

Así mesmo, había un obxectivos específicos que se recollían no acordo:

- 1. Axencia da Admón. da Seguridade Social:** Teríase que ter presentado un documento a esta Mesa para a previsión da integración das estruturas actuais das distintas entidades nunha nova única.
Falan de documentos e propostas con Función Pública pero nunca presentan nada, non fixeron nada.
- 2. Provisión de postos de traballo:** Mantíñase neste acordo, o compromiso xa acadado no 2018 de pasar dos concursos tipo Macro a un concurso aberto e permanente e negociar unhas bases comúns para o noso ámbito.
A Admón. rexeita un concurso permanente, xustifican que “permanentemente” a Seguridade Social está convocando concursos. E xustifican non ter unhas bases propias por imposición de función pública.
A CIG solicitamos que o Ministerio traballe en homoxeneizar as RPT, para facilitar e acelerar as convocatorias e xestión dos diferentes concursos, para comezar canto antes coa tramitación do Concurso Macro despois dos específicos que están en marcha.

- 3. Prevención de riscos laborais:** Recollíase o compromiso para tentar recuperar os subcomités provinciais de seguridade e saúde propios; estudar e negociar unha nova estrutura territorial e homoxeneizar as políticas preventivas en todo o ámbito. Tentaron primeiro pero non os autorizou función pública; convocouse o concurso dos servizos de prevención; e creáronse grupos de traballo para ir igualando a prevención en todos os ámbitos. Non se fixo nada para crear unha nova estrutura nas provincias que non contan con servizos de prevención propios, ignorando a repetida proposta da **CIG** de comités mancomunados para prestar un mellor servizo ao noso persoal.
- 4. Traballo non presencial:** Implantouse un día desde 01/07/23 como estaba recollido, coa previsión dun segundo día a partires do 01/01/2024. Detallamos este tema no seguinte apartado.
- 5. Produtividades:** Comprometéronse a facer un estudo antes do 15/09/23 para un novo modelo que valorara o esforzo e dedicación do persoal e o cumprimento de obxectivos.
Non hai nada feito, e non hai interese por cambiar nada, pois aos que están negociando pola Admón. vailles ben con esta resolución, xa que hai quen pode cobrar máis nun mes de produtividade por cumprimento de obxectivos ca de salario. A **CIG** xa enviou unha proposta en 06/23 pedindo a eliminación do reparto discrecional, redución de tramos e diferenzas entre eles, mellorando aos niveis inferiores e rebaixando ao máis altos.
- 6. Formación:** Creación dunha Escola de formación da Seguridade Social e homoxeneización dos plans de formación e a vinculación da formación á provisión de postos.
Non hai nada da escola e no resto vaise avanzando timidamente e a distintas velocidades en cada entidade.
- 7. Estabilidade no emprego:** Excepcionalidade do emprego interino, cobertura definitiva de prazas ocupadas por persoal temporal e creación de bolsas e listas para posibles situacións imprevisibles de cargas de traballo.
Parece que isto, aínda que tarde si se vai facendo. Vanse facer xa listaxes por provincias de candidatos de A2 e A1
- 8. Oferta de emprego público e promoción interna:** O obxectivo era recuperar a convocatoria do corpo C1 de Administrativos da Seguridade Social, ingreso libre e promoción interna, reducir temarios, acumular exercicios e desconcentración de probas.
Hoxe 05/06/24, cumprise parte dese obxectivo coa publicación no BOE da convocatoria de C1 da Seguridade Social (libre e promoción interna), que se tería que ter convocado antes do 31/12/2023
Conséguese a reiterada demanda da **CIG** de desconcentrar os lugares das probas para poder examinarnos sen saír da nosa Terra!

CIG fai unha valoración global de incumprimento na súa maior parte deste acordo, a pesar das diferentes propostas feitas pola **CIG**. Xa ven sendo unha constante o incumprimento dos acordos por partes da Admón., que neste caso se escuda dando este acordo por superado e propoñendo facer un novo acordo, porque, seica, este era moi ambicioso.

TRABALLO NON PRESENCIAL. RESULTADO PROXECTO PILOTO

Empeza a presidenta dicindo que en xeral, as entidades con atención ao público e pouco persoal a implantación do segundo día empeora a situación
Claro, pero este non é un problema do traballo non presencial, é un problema de falta de efectivos que sofre o noso persoal día a día, e que agora poñen como escusa para negar o 2º día.

Interveñen o representante de cada Entidade para informar cada caso concreto (a pesares de solicitar a información por escrito, non recibimos nada e esta información recolleuse por escrito das intervencións orais)

INSS. Experiencia e Zaragoza (tamaño medio) solicitou pouco persoal o 2º día e Alacante (máis grande) solicitou moito persoal.

Detectaron empeoramento da situación en centros pequenos e nas Unidades médicas duplicidade de traballo cando hai que acabar citando presencialmente á persoa a valorar.

TXSS. En Zaragoza facilitóuselles a todos e só pediron un 10% Alacante. O 2º día pediuno o 30% do persoal

Recadación voluntaria. Houbo que facerlle unha redistribución de tarefas. En Liquidación directa e sistema RED enlentécense as respostas.

Recadación Executiva. Moitas das tarefas non se poden facer en remoto

Impugnacións. Resultados positivos. Tareas que requiren concentración e pouca interacción entre compañeiros e compañeiras.

Procedementos especiais. Supuxo incremento de traballo aos que están presenciais

Cando se manexan bases de datos “pesadas” ralentízase o traballo

Xestión financeira. Hai tarefas que só se poden facer desde a oficina

Atención ao público presencial. Houbo que reconfigurar persoal en oficinas para poder prestar o mesmo servizo.

Atención telefónica. Non se repercutiu diferenza

En xeral houbo incremento de tarefas para o persoal de soporte técnico.

En Zaragoza mantivéronse os obxectivos semestrais pero en Alacante empeoraron e xa pediron compensación por ter participado na experiencia piloto.

Incluso ten tempo a TXSS de facer un simulacro e chamar ao persoal para que se presentara inmediatamente na oficina, tendo como resultado, segundo eles, que un 60% do persoal tardou máis do debido.

ISM. Proba en Valencia. Tivo pouca acollida, un 40%. Resultado global, unha menor resolución de expedientes.

INTERVENCIÓN. Participaron Salamanca cun 76% e Barcelona cun 96%. Excepcionalmente fíxose unha monitorización de fiscalización. EXPERIENCIA POSITIVA

XERENCIA DE INFORMÁTICA. No departamento de Dirección de produción e sistemas (resolve incidencias) Non houbo incremento considerable no tempo de resposta e non se notaron variacións significativas.

UPI DP de Madrid. Non houbo anomalías

CONCLUSIÓN: Poderían funcionar perfectamente cos dous días non presenciais

IMSERSO. Non participou porque xa os ten implantados.

SERVIZO XURÍDICO. En SSCC INSS non houbo ningún problema INSS Valencia. Os letrados teñen normalmente 3 días de xuízos, se fan dous en traballo non presencial, podería descoordinarse o equipo.

Vendo que claramente a TXSS, o INSS e o ISM non están pola labor de implantar o 2º día, A **CIG** propuxo que se lle permitira xa á Intervención, Xerencia e UPIs e ao Servizo Xurídico, en espera de que as tres entidades, co reforzo dos cadros de persoal e solución de problemas técnicos, reconsideren en breve a súa postura.

Ante a negativa da Administración de implantar o segundo día, dúas centrais sindicais estatais levantáronse da mesa e abandonaron a reunión.

A **CIG** quedou na sala insistindo co asunto, coa presenza do representante da Secretaría de Estado da Seguridade Social que ante a súa resposta de non poder dar datas concretas nas que poderían permitir o 2º día, propuxeron levar a cabo outra reunión o día 19 de xuño.

A **CIG** non se levantou da mesa porque queríamos que se nos escoitara denunciar a situación do CAMF de Ferrol, que estaba funcionando sen director/a, administrador/a, e dos tres responsables de área, so unha cuberta de forma interina (sen exercer desde 12/23) e temporalmente sen interventora e a maiores o mal estado das instalacións. Queríamos pedir unha solución urxente. Ao suspenderse a reunión so puidemos facer isto informalmente co representante da entidade.

Seguiremos informando...